


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

13-14 de xaneiro do 2024

## II ORDINARIO B



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
**E SEMPRE SEMENTANDO PAZ**



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 n°4 *Amigos nas penas e na festa amigos*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Despois do Bautismo, Xesús comeza o que chamamos a súa vida pública. E faino na procura dos seus primeiros discípulos como nos conta o evanxeo de hoxe: Xoán e Andrés. Eles serán os que logo falarán del diante dos outros dicíndolles: “*Atopamos ao Mesías*”.

Chamámonos e dicimos que somos cristiáns, discípulos de Xesús. Por iso como os primeiros temos a obriga de comunicar a todos que Xesús está no medio de nós, que comparte a nosa vida, que podemos atopalo no enfermo, no que está só, no que sofre..., en toda persoa que fai esforzo porque as cousas sexan mellor.

Se de verdade somos cristiáns, escoitemos e respondamos á súa chamada e, coma El, acheguémonos á vida dos máis necesitados, porque é onde nos atoparemos cos que son os seus preferidos.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante:** *Hoxe Deus segue a chamar. E moitas veces non o queremos escoitar, facémonos os xordos para non ter que comprometer nos no seguimento de Xesús dando bo exemplo. Por iso, agora é o momento de pedir perdón **porque queremos facelo mellor.***

### Monitor/a

- Por non escoitar a Deus, por facernos xordos ás súas chamadas pedimos perdón.  
Señor, perdoa o noso pecado
- Por non ter paciencia, por querer vivir a toda presa sen saborear a vida, pedimos perdón.  
Cristo, perdoa o noso pecado
- Por non achegarnos aos necesitalos e por non axudalos o suficiente, pedimos perdón.  
Señor, perdoa o noso pecado

**Celebrante:** *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior doéndonos co nada que vale a vida cando non se vive en paz.*

(*silenzo*)

### Celebrante:

Deus, Noso Pai, cheo de tenrura e misericordia, ti que te achegas a nós, escoita con bondade as súplicas do teu pobo e axúdanos a medrar na paz e no seguimento do teu Fillo Xesús.

Pedímoscho por El, Xesucristo, noso irmán, que vive e reina por sempre eternamente.  
Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(**sentad@s**) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *Samuel é un neno que non coñece a voz de Deus. Cando o Señor o chama sorpréndese e non sabe que responderlle. Ímolo escoitar na lectura de hoxe.*

*Xoán e Andrés achéganse a Xesús polo que lles di Xoán o Bautista. Logo de pasaren a xornada con El, saen ilusionados e comezan a comunicar a súa presenza aos máis achegados.*

*Como Samuel respondamos: Fala Señor que o teu servo escoita, e como Xoán e Andrés ilusionémonos en dar e ser exemplo da presenza de Xesús no medio de nós.*

## LECTURA DO PRIMEIRO LIBRO DE SAMUEL

Samuel xacía deitado no santuario do Señor, onde estaba a arca de Deus.

O Señor chamou por Samuel e este respondeulle: - "Aquí estou". E, coa mesma, foi correndo onda Elí e díxolle: - "Aquí veño, pois chamáchesme". Elí díxolle: - "Eu non te chamei. Volve deitarte". E Samuel foise deitar.

O Señor chamou de segundas por Samuel. Samuel ergueuse e foi onda Elí, dicindo: - "Aquí estou, pois chamáchesme". - "Eu non te chamei, meu fillo", dixo el. - "Volve deitarte". Samuel non coñecía aínda o Señor, pois a palabra do Señor non se lle revelara aínda.

O Señor chamou por terceira vez a Samuel, quen se ergueu e foi axiña onda Elí: - "Aquí estou, pois chamáchesme". Entón decatouse Elí de que era o Señor quen chamaba ao rapaz. Elí díxolle a Samuel: - "Vaite deitar, e se te chama, dirás: Fala, Señor, que o teu servo escoita". Samuel marchou e deitouse no seu sitio.

O Señor presentouse, chamando, coma as outras veces: - "¡Samuel, Samuel!" E Samuel dixo: - "Fala: o teu servo escóitate".

Samuel ía crescendo; o Señor estaba con el e non deixou sen cumprimento ningunha palabra súa.

**Palabra do Señor**

(*en pé*) Leccionar II B páx 173 Xn 1,35-42 EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela estaba Xoán, o bautista, con dous dos seus discípulos e, vendo a Xesús que camiñaba, dixo:

- Velaquí o Añño de Deus.

Cando os dous discípulos oíron o que el falara, fóronse detrás de Xesús. Volveuse Xesús e, vendo que eles o seguían, preguntoulles:

- Que buscadeis?

Eles respondéronlle:

- "Rabbí" (que quere dicir "Mestre"), onde paras?

El díxolles:

- Vide e veredes.

E eles foron e viron onde paraba e quedaron con el aquel día. Era contra as catro da tarde.

Un dos dous que escoitaron a Xoán e seguiron a Xesús era Andrés, o irmán de Simón Pedro. Vai e ao primeiro que atopa é a Simón, o seu propio irmán, e dille:

- Encontramos o Mesías (que quere dicir Cristo).

E levouno onda Xesús. Ao velo, díxolle Xesús:

- Ti es Simón, o fillo de Xoán. Ti haste chamar Kefas (que quere dicir Pedro).

**Palabra do Señor**

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



### Unhas palabras a xeito de homilía para pensar en silencio

Se as nosas palabras, se os nosos feitos, se os nosos sentimentos valen a pena, entón poderemos ser crentes CRIBLES.

Estaremos sendo exemplo para que os demais poidan descubrir por nós que as palabras, os feitos e os sentimentos de Xesús non pasan de balde.

Andrés foi onda seu irmán Pedro para contarlle que atopara a alguén que valía a pena, e Pedro foi quen de achegarse a Xesús facéndolle caso ao seu irmán.

A min, a nós, poden facernos caso?

(en pé)

### PROFESIÓN DA FE

*Celebrante* Neste encontro parroquial, despois de escoitar a Palabra de Deus que nos chama, queremos responderlle dando razón da nosa fe diante dos demais, por iso dicimos:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Monitor/a:*

Crede en Deus Pai e Nai, creador do ceo e máis da terra, que conta con nós para facer un mundo mellor?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede en Xesús, o seu fillo benquerido, que viviu nesta terra acollendo e convidando a moitos homes e mulleres a compartir con El, sen pechar a porta da VIDA a ninguén?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede no Espírito Santo que nos alenta para dar exemplo con palabras, feitos e sentimentos demostrando que o evanxeo de Xesús vale a pena para a vida?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede na igrexa, familia dos homes e mulleres que seguindo os pasos de Xesús non podemos calar e dóenos a violencia que se vive en Palestina e Israel, e dóenos os abusos, e dóenos a vida maltratada de tantas persoas?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*



## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Rezamos agora a Deus, que nos chama e nos convida a compartir con Xesús, para seguir as súas pegadas. Dicimos:*

*Pai, queremos escoitarte*

**Monitor/a:**

- ✓ Ti chámamos a dar exemplo entre nós, queremos que as nosas palabras e os nosos feitos sexan semente de paz. Recemos
- ✓ Ti chamas á tolerancia, á paciencia e á coherencia, queremos que as nosas palabras e os nosos feitos sexan de proveito para os demais. Recemos
- ✓ Ti chamas a vivir as palabras e os feitos de Xesús, queremos que os nosos valores e as nosas actitudes valan sempre a pena. Recemos
- ✓ Ti chamas a poñer as mans, o corazón e o tempo ao servizo dos máis esquecidos, queremos vivir sen deixar de lado a emigrantes, a enfermos, a refuxiados, a mulleres maltratadas. Recemos
- ✓ Ti chamas á paz, queremos que no respecto por cada vida se vaia facendo mellor nas terras de Israel e Palestina. Recemos

**Celebrante:** *Escoitamos, Pai, as túas chamadas. Escoita Ti as oracións dos que en Ti pomos a nosa confianza. Por Cristo noso Señor. Amén*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Ao Deus que confía en nós para construír camiños de paz e que nos quere achegándonos e compartindo co seu fillo Xesús, rezámoslle dicindo:*

*NOSO PAI ...*



### SIGNO DA PAZ

**Celebrante** *Con un pequeno xesto de paz non queremos nin aparentar nin quedar ben con quen está á nosa beira. Tampouco o facemos para presumir.*

*As nosas mans tendidas uns para os outros son a nosa responsabilidade e expresan a vontade de ser coherentes nos feitos, por iso con corazón de irmáns démonos a paz.*

🎵 n° 36 **Fagamos a paz irmáns**

## COMUÑÓN

**Celebrante:** Os primeiros discípulos pasaron a xornada con Xesús e compartiron con El a mesa e a conversa que os transformou para ser as súas testemuñas. Hoxe nós compartimos tamén a mesa e a conversa con El. Que tamén nos transformemos en verdadeiras testemuñas de Xesús no noso entorno. Ditosos nós que hoxe somos convidados a este pan do Señor.

**Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar**

🎵 n° 55 **No colo da miña nai**

## 4.- AVISOS E DESPEDIDA

### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Señor, seguros da túa bondade pedímosche que acollendo con fe as túas palabras sexamos capaces de dar froitos de paz e xustiza, e que os demais poidan contar coas nosas mans de irmáns.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén.

*Deus chámanos a ser e a dar exemplo de Xesús hoxe e sempre.*

*Que sexamos capaces de responder como Samuel:  
Fala Señor que o teu servo escoita.*


*E que poñamos en práctica o xeito de vida que imos descubrindo cada semana ao compartir as palabras e os feitos cos que Xesús nos dá exemplo.*

*Avísase das misas (ver folla do mes)*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

*Podémonos ir en paz*

¿onde vives?



**Andrés foi onda seu irmán para dicirle:  
“ATOPÁMOLO”**

*Fagamos as cousas ben  
para que o Señor nos recoñeza nos nosos feitos.*